Fronte ao conformismo e á declaración de intencións, fronte á tentación de quen aproveita a vaga reaccionaria para rebaixar a esixencia ás institucións, propoñemos a creación dunha Valedoría de Igualdade como órgano de defensa cidadá perante situacións de discriminación, directa ou indirecta, por razón de xénero, con funcións de investigación, asesoramento, mediación e elaboración de propostas de sanción para a promoción da garantía do cumprimento do principio de igualdade.

Para situar Galiza nos máis altos estándares de promoción da igualdade e de loita contra a discriminación por razón de xénero, faise preciso avanzar na constitución de organismos públicos independentes que velen polo cumprimento e garantía dos dereitos xa recoñecidos formalmente na lexislación. De maneira específica, faise preciso abordar esta cuestión no sector privado, toda vez que non existe unha autoridade independente análoga á que si ten por natureza a defensa dos dereitos da cidadanía fronte á administración. Este papel, que cumpren as Valedorías ou Defensorías do Pobo, tamén en Galiza, circunscríbese en exclusiva ao ámbito público non tendo encomenda algunha sobre as situacións de discriminación que se produzan no sector privado.

Por iso, é necesaria unha Valedoría da Igualdade entendida como autoridade independente que asesore e asista á cidadanía diante de posíbeis situacións de discriminación, directa ou indirecta, por razón de xénero, que se produzan no sector privado así como promover vías de negociación e recomendacións que poñan fin a situacións de discriminación como as que continúan a rexistrarse aínda hoxe en moitos ámbitos. O futuro é esixente e nós tamén debemos selo, reafirmando o apoio ás mobilizacións do feminismo galego e propoñendo avances para facer unha Galiza máis feminista.

Por todo o exposto con anterioridade, o Goberno da Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, propón a adopción polo Pleno desta Deputación de Lugo dos seguintes acordos e de dar traslado aos mesmos.

1.- O Pleno da Deputación Provincial de Lugo reafirma o seu compromiso coa loita feminista e o apoio ás mobilizacións e reivindicacións do feminismo galego de base.

2.- Demandar da Xunta de Galiza o impulso dun proceso con ampla participación social e institucional para a aprobación por lei antes do remate do ano 2025 dunha Valedoría de Igualdade, autoridade independente de defensa cidadá que asesore e asista diante de posíbeis situacións de discriminación, directa ou indirecta, por razón de xénero, que se produzan no sector privado; así como que promova vías de




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7SW7HTJ4F2ZGJ3UB5QF33TMY | Fecha y Hora | 07/03/2025 18:34:21 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SW7HTJ4F2ZGJ3UB5QF33TMY | Página | 35/52 |

negociación e recomendacións que poñan fin a situacións de discriminación, con funcións de investigación, asesoramento, mediación e elaboración de propostas de sanción para a promoción da garantía do cumprimento do principio de igualdade”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa Alvariño, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250225&punto=8

**8.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA, RECLAMANDO Á XUNTA DE GALICIA A RETIRADA DAS REFORMAS NA LEI DE SERVIZOS SOCIAIS E UN PLAN DE REFORZO DO SISTEMA PÚBLICO DE ATENCIÓN Á DEPENDENCIA.**

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, a teor do seguinte texto:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista sinalada no epígrafe, a teor do seguinte texto:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista reclamando á Xunta de Galicia a retirada das reforas na Lei de Servizos Sociais e un Plan de reforzo do sistema público de atención á dependencia.

Os atrasos na atención ás persoas que demandan os servizos garantidos pola Lei de Dependencia estanse a converter, por desgracia, nunha triste noticia recorrente nos medios de comunicación. As queixas pola espera no proceso de valoración xuntan cas queixas das persoas que teñen concedida administrativamente unha axuda pero ven que esta non se fai efectiva. E a iso podemos sumar as máis de 1.800 persoas que demandan unha praza nunha residencia.




| | IV7SW7HTJ4F2ZGJ3UB5QF33TMY | Fecha y Hora | 07/03/2025 18:34:21 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SW7HTJ4F2ZGJ3UB5QF33TMY | Página | 36/52 |

Como de costume, a Xunta entende as queixas da sociedade galega como unha invitación para empeorar as cousas. E así, a conselleira Fabiola García remataba o ano 2024 anunciando que a solicitude da dependencia se ía simplificar nun só trámite a partires do un de xaneiro.

O certo é que esa medida propagandística no supón unha mellora na atención das persoas dependentes. Supón apostar pola privatización do sistema, relegar ós expertos con formación en Traballo Social que viñan elaborando os informes, e non garantir unha valoración adecuada da discapacidade e da dependencia. Algo que xa xerou protestas e manifestacións dos especialistas.

As medidas que a Xunta di que adopta son só unha cortina de fume ca que tenta agochar a realidade da situación. A Xunta acumula atrasos na valoración das persoas que solicitan a dependencia; pero acumula o mesmo atraso ou máis en facer efectiva a prestación dende o momento que esta se concede, deixando ás persoas no limbo. E para non recoñecer que as 1.800 persoas que están en lista de espera por una praza nunha residencia van seguir esperando mentres a lista medra; porque a poboación envellece, e a Xunta non pon no mercado nin prazas públicas, nas que non cree, nin prazas privadas a un ritmo ou un prezo asumible pola sociedade.

A mala atención ós nosos maiores está a acadar trazos de emerxencia social; como dicían hai pouco dous persoas afectadas, cando os maiores morran xa non precisarán nada. Os socialistas lucenses non podemos permanecer impasibles ante esta situación tan inxusta como noxenta, e por iso sometemos, para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo solicite á Xunta de Galicia:

- Que retire de inmediato os cambios introducidos na Lei de Servizos Sociais que permiten a persoas sen a titulación adecuada tramitar e informar as solicitudes da Lei de Dependencia
- Que habilite medidas reais para garantir a correcta valoración da Dependencia, a resolución en prazo das solicitudes, e que acorte o prazo de espera entre que se concede a prestación e esta se fai efectiva
- Que abra un diálogo cos profesionais de Traballo Social para deseñar procesos que melloren os procesos de valoración dos dependentes
- Que deseñe un plan de reforzo do sistema público de Servizos Sociais para dar resposta tanto ás necesidades actuais das persoas que esperan por unha praza de residencia, como ás situacións de incremento de demanda que fai previsible o proceso de envellecemento da poboación galega".

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa




| | IV7SW7HTJ4F2ZGJ3UB5QF33TMY | Fecha y Hora | 07/03/2025 18:34:21 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SW7HTJ4F2ZGJ3UB5QF33TMY | Página | 37/52 |

Alvariño, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede".

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250225&punto=9

**9.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA, RECLAMANDO Á XUNTA DE GALICIA UN PLAN DE PROMOCIÓN DE VIVENDA PÚBLICA QUE CUBRA AS NECESIDADES REXISTRADAS NA PROVINCIA DE LUGO.**

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que textualmente di o seguinte:

"Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista a que se refire o epígrafe, que textualmente di o seguinte:

"A Deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista reclamando á Xunta de Galicia un Plan de promoción de vivenda pública que cubra as necesidades rexistradas na provincia de Lugo.

O pasado xoves 13 de febreiro, o Delegado da Xunta en Lugo, Javier Arias, e o Director Territorial de Vivenda, Marco Antonio Fernández, protagonizaron un feito que, convertido en noticia, deberíaos avergonzar. Ambos acapararon protagonismo e foto na entrega dunha vivenda pública en Vilalba. Que sexa noticia a entrega dunha vivenda pública, da unha idea do escaso ritmo de construción desenvolvido pola Xunta. Que o aceso a un dereito como é a vivenda, siga sendo concibido cunha escenografía de beneficencia, na que os altos cargos actúan con xesto de conceder unha esmola, como en tempos da ditadura, debería ser unha práctica xa desterrada da nosa praxe política e administrativa.

Nese mesmo acto, o señor Arias asegurou que "unha das prioridades do Goberno galego é facilitar o aceso a un fogar ás persoas que o demandan e o necesitan". Tendo en conta que en Galicia hay máis de 19.000 demandantes de vivenda pública inscritos no rexistro do Instituto Galego da Vivenda e Solo, 2.252 deles na provincia de Lugo,




| | IV7SW7HTJ4F2ZGJ3UB5QF33TMY | Fecha y Hora | 07/03/2025 18:34:21 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SW7HTJ4F2ZGJ3UB5QF33TMY | Página | 38/52 |

parece que, coma sempre, as prioridades da sociedade e as da Xunta non avanzan a ritmo parello.

A evolución do mercado da vivenda libre ou o incremento dos prezos dos alugueiros, son dinámicas económicas complexas. Pero a caída na construción de vivenda pública é unha responsabilidade do Goberno galego. E cómpre recoñecer que estamos na situación que estamos pola falta de interese e a deixadez dos sucesivos gobernos do PP ó fronte da Xunta.

Entre 2005 e 2009, coincidindo cos anos do goberno progresista de Touriño, construíronse en Lugo 3.561 vivendas de promoción pública, aproximadamente unhas 712 ó ano. Entre 2010 e 2023, nos anos do señor Feijoo, se construíron en total na nosa provincia 628, unhas 44 ó ano. Dito doutro xeito, o goberno progresista construiu nun ano máis vivendas públicas en Lugo que os gobernos do PP nunha década e media.

Unha vez máis, o PP demostra ca vivenda o mesmo que ca sanidade, a educación ou os servizos sociais. O público non lle interesa. E a historia porá a cada quen no seu sitio, demostrando que a herdanza de Feijoo en Galicia non é a da boa xestión, senón a do desmantelamento dos servizos públicos no seu conxunto.

Os problemas de envellecemento, perda de poboación do rural ou necesidade de fomentar o crecemento económico non se poden abordar sen unha política de vivenda pública que dea resposta á demanda dos lucenses e actúe como mecanismo corrector do constante incremento dos prezos no mercado. Por iso sometemos, para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo solicite á Xunta de Galicia:

- Un plan urxente de vivenda pública que cubra as necesidades da provincia de Lugo e cubra as demandas recollidas no rexistro do IGVS".

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa Alvariño, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede".

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7SW7HTJ4F2ZGJ3UB5QF33TMY | Fecha y Hora | 07/03/2025 18:34:21 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SW7HTJ4F2ZGJ3UB5QF33TMY | Página | 39/52 |

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250225&punto=10

**10.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG, PARA SOLICITAR Á XUNTA DE GALICIA A CONVOCATORIA URXENTE E DOTACIÓN DA ORDE DE AXUDAS PARA A INCORPORACIÓN DE MOZOS/AS Á ACTIVIDADE AGRARIA, E PLANS DE MELLORA NO 2025**

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

"Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

"A Deputada Provincial, Dª. Iria Castro Fernández, na súa calidade de voceira do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo (BNG) e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción para solicitar á Xunta de Galicia a convocatoria urxente e dotación da Orde de axudas para a incorporación de mozos/as á actividade agraria e plans de mellora no 2025.

*Exposición de Motivos:*

Dende o grupo provincial do Bloque Nacionalista Galego en Lugo denunciamos o desmantelamento sistemático ao que o goberno do PP está levando a este país, ao fronte da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galiza, e que sufriu un novo episodio desta nefasta política de destrución do noso rural, coa resolución da última convocatoria de incorporacións da mocidade á actividade agraria e de plans de mellora, publicada o pasado 29 de xaneiro.

É inaudito e inaceptable que por primeira vez se lle denegue un plan de mellora a unha moza ou a un mozo que se incorpora. É inadmisible que por segunda convocatoria consecutiva, se deneguen os plans empresariais de incorporación á actividade agraria por falta de fondos e dotación económica da orde de axudas con fondos da UE.

É insólito que o 70% das granxas que solicitaron un plan de mellora quedaran sen el , porque o orzamento consignado para tales partidas era totalmente insuficiente para as demandas reais do sector primario galego.

Existe unha falta absoluta de compromiso por parte do goberno do PP ao fronte da Consellaría do Medio Rural co sector no seu conxunto e, nomeadamente, cas arredor




| | IV7SW7HTJ4F2ZGJ3UB5QF33TMY | Fecha y Hora | 07/03/2025 18:34:21 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SW7HTJ4F2ZGJ3UB5QF33TMY | Página | 40/52 |

de 500 granxas que se viron obrigadas a facer en moitos casos proxectos técnicos e asumir múltiples gastos neste último ano.

Reiteramos que esta estratexia de abandono administrativo sen precedentes, de non ser corrixida de contado, moi probablemente terá a grave consecuencia de causar un efecto disuasorio en persoas que aposten por un proxecto de vida sostible no rural, e coa produción de alimentos como base da súa actividade agraria.

A recente denegación masiva de incorporacións e plans de mellora, vai condicionar non só a viabilidade de centos de granxas galegas, senón a propia economía de milleiros de persoas labregas no noso país, e por extensión a actividade económica de comarcas agrogandeiras na provincia de Lugo.

O 70% das persoas titulares de granxas xubílanse nos próximos anos e a previsión é que as incorporacións non cubran o 5% dos abandonos. Lonxe de asumir e xestionar este escenario, a Consellería estableceu unha dotación tan sumamente baixa para as axudas de incorporación e plans de mellora que son moitas máis granxas fóra das axudas que as que conseguen acceder a elas: 434 expedientes viron denegados os plans de mellora fronte aos 180 aprobados en toda Galiza, e apenas unhas 30 granxas en toda a provincia de Lugo, menos de unha granxa por cada dous concellos da provincia de Lugo, totalmente irrisorio.

Por todo isto, o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG) somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos:

1.- Convocatoria inmediata da nova Orde de axudas para a incorporación de mozos/as á actividade agraria e plans de mellora para a presente anualidade. Demandamos con carácter urxente para garantir unha convocatoria 2025 xusta, social e plural.

2.- Activación dos mecanismos necesarios para dotar todas as liñas de orzamento suficiente e necesario para que ningunha granxa quede fóra das axudas do período 2025-2027.

3.- Modificación dos criterios de baremación das axudas para a súa concesión, como a priorización de granxas con diversificación produtiva, ou discriminar positivamente aquelas sociedades familiares que incorporaron ao seu fillo ou filla.

4.- Inserción de criterios redistributivos no reparto da axuda para evitar a concentración das mesmas en menos perceptores. A Consellería de Medio Rural debe garantir que todas as granxas teñan acceso a estas axudas.




| | IV7SW7HTJ4F2ZGJ3UB5QF33TMY | Fecha y Hora | 07/03/2025 18:34:21 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SW7HTJ4F2ZGJ3UB5QF33TMY | Página | 41/52 |

5.- Creación dun Comité específico ou grupo de traballo dentro do Comité de Seguimento do PEPAC, para a mellora da implantación e execución desta orde de axudas tan necesaria para o rural e o sector primario da provincia de Lugo e de Galiza.

É preciso contar con todos os axentes implicados no asesoramento dos mozos/as á actividade agraria. É inadmisible que non se conte con colectivos tan estratéxicos como a Asociación de asesores rurais de Galicia, que foi denegada por dúas veces a súa inclusión no Comité de Seguimento do PEPAC nos últimos dous anos".

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa Alvariño, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede".

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250225&punto=11

**11.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR, PARA DEMANDAR AO GOBERNO DE ESPAÑA QUE CUMPRA CO OFINANCIAMENTO EN MATERIA DE DEPENDENCIA.**

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, a teor do seguinte texto:

"Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular sinalada no epígrafe, a teor do seguinte texto:

"Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial Popular para demandar ao Goberno de España que cumpra co cofinanciamento en materia de dependencia.

*Exposición de Motivos:*




| | IV7SW7HTJ4F2ZGJ3UB5QF33TMY | Fecha y Hora | 07/03/2025 18:34:21 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SW7HTJ4F2ZGJ3UB5QF33TMY | Página | 42/52 |

Como xa advertiu o Goberno galego en numerosas ocasións, o Estado incumpre sistematicamente a súa obriga de cofinanciar o 50% da dependencia, e segue financiando escasamente un 30%, polo que na actualidade acumula xa unha débeda coa nosa Comunidade de 2.500M€.

O Real Decreto 675/2023 de 18 de xullo, polo que se modifica o Real Decreto 1051/2013, de 27 de decembro, polo que se regulan as prestacións do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, establecidas na Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, anunciado no BOE do 19/07/23, establecía a súa entrada en vigor ao día seguinte da súa publicación e con efectos económicos do 1/08/23. É importante recordar que esta reforma fíxose a escasos 4 días das últimas eleccións xerais.

Coa reforma do sistema de dependencia advírtese que o Goberno do Estado incumpre dende o 1 de agosto de 2023, todos os meses o artigo 9 da devandita Lei, que dispón que:

"Artigo 9: Participación da Administración Xeral do Estado

1. O Goberno, oído o Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, determinará o nivel mínimo de protección garantido para cada un dos beneficiarios do Sistema, segundo o grao da súa dependencia, como condición básica de garantía do dereito á promoción da autonomía persoal e atención á situación de dependencia. A asignación do nivel mínimo ás Comunidades Autónomas realizarase considerando o número de beneficiarios, o grao de dependencia e a prestación recoñecida.

   2. O financiamento público deste nivel de protección correrá a conta da administración Xeral do Estado que fixará anualmente os recursos económicos na Lei de Orzamentos Xerais do Estado de acordo con os criterios establecidos no artigo 32".

É dicir, o nivel mínimo que se paga por cada persoa atendida mensualmente debe financialo a Administración Xeral do Estado. O certo é que dos 100 euros que debera achegar para o grao I, só aporta 76 euros; e tan só 130 euros para o grao II cando debera aportar 150 euros. Isto supón, que dende a entrada en vigor do Real Decreto a débeda con Galicia polo impago das contías mínimas ascenda a 12,3 millóns de euros adicionais.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7SW7HTJ4F2ZGJ3UB5QF33TMY | Fecha y Hora | 07/03/2025 18:34:21 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SW7HTJ4F2ZGJ3UB5QF33TMY | Página | 43/52 |

E non é un importe fixo mensual, senón que se trata dunha débeda que crece mensualmente na medida en que Galicia, cumprindo coas súas obrigas, incrementa mensualmente o número de persoas atendidas.

Este novo decreto de dependencia do Goberno central obrigou a reformar a normativa autonómica e a buscar a financiación nun momento no que o exercicio económico galego xa estaba comprometido. Para a nosa Comunidade, a entrada en vigor deste Real Decreto supuxo un sobrecuste de 80 millóns de euros adicionais anuais.

Esta norma tamén variou as intensidades do SAF entre un 85% para grao I e máis dun 34% para grao III, que lles afecta ás administracións locais. O Goberno central actuou sen consultar aos Concellos si tiñan capacidade para ampliar as horas, se os contratos vixentes admitirían este incremento ou se había financiación e traballadores para levalo a cabo. Ante esta situación, a Xunta de Galicia tivo que incrementar os complementos autonómicos para que os galegos con dependencia non tiveran que pagar mais polos mesmos servizos.

Ademais, o Goberno Central tamén ten a obriga de financiar o nivel acordado tal e como establece o artigo 10 da Lei Dependencia. Debido á prorroga dos Orzamentos do ano 2023, a achega da Administración Xeral tamén se ve conxelada. Non se incrementa o importe do nivel acordado a pesares de que a Administración galega cumpre cos seus compromisos establecidos no convenio.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:

O Pleno da Deputación de Lugo insta ao Goberno de España a:

1.- Que cumpra o artigo 9 da Lei de dependencia e achegue os importes mínimos por cada dependente atendido establecidos polo seu propio Real Decreto de reforma do sistema de dependencia que estableceu e que está obrigado a financiar.

2.- Que salde a débeda con Galicia polo incumprimento do pago das contías mínimas das prestacións económicas dende a entrada en vigor do decreto.

3.- Que cumpra a Lei de Dependencia que lle obriga a cofinanciar o 50% e salde a débeda acumulada con Galicia, en definitiva que aborde o déficit estrutural da financiación da dependencia".





| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7SW7HTJ4F2ZGJ3UB5QF33TMY | Fecha y Hora | 07/03/2025 18:34:21 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SW7HTJ4F2ZGJ3UB5QF33TMY | Página | 44/52 |

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención do Sr. Presidente D. José Tomé Roca, e dos/as señores/as deputados/as D. Pablo Rivera Capón, D. Francisco Cajoto Caserío, e Dª. Mª. del Carmen López Moreno, representantes do Grupo Provincial Socialista, e da señora Deputada dona Iria Castro Fernández, representante do Grupo Provincial do BNG, acorda ditaminar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede".

Ante esta moción, preséntanse por parte do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG, emendas, do seguinte teor:

*Emenda de substitución presentada polo Grupo Provincial Socialista:*

"Substituir o punto de acordo da proposta presentada polo seguinte:

Instar á Xunta de Galicia e ó Goberno de España a financiar a totalidade do sistema de dependencia na mesma proporción, é dicir, que cada un asuma o 50% do seu custe total, liberando deste xeito ós Concellos das súas aportacións nesta materia".

Emenda de engádega presentada polo Grupo Provincial do BNG:

"Engádega dun novo punto de acordo:

O Pleno da Deputación de Lugo insta ó goberno da Xunta de Galiza a que cumpra coas súas obrigas e competencias e duplique os equipos de valoración para a obtención do PIA, tal e como reclaman os traballadores e traballadoras sociais, se comprometa a subir o financiamento do SAF de 12 a 20 €/h, tal e como xa negociou coa FEGAMP e se comprometa a por en marcha un servizo de residencias para a dependencia público para paliar a falta destes investimentos sociais".

Ámbalas dúas emendas son rexeitadas polo Grupo propoñente da moción

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular); votos en contra, 10 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista); abstencións, 3 (correspondentes ós/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250225&punto=12




| | IV7SW7HTJ4F2ZGJ3UB5QF33TMY | Fecha y Hora | 07/03/2025 18:34:21 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SW7HTJ4F2ZGJ3UB5QF33TMY | Página | 45/52 |

**12.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR, PARA RECLAMAR AO GOBERNO DE ESPAÑA UN NOVO PLAN DIRECTOR DO CORREDOR ATLÁNTICO PARA EVITAR O ILLAMENTO DA PROVINCIA DE LUGO GARANTINDO A CONEXIÓN COA ALTA VELOCIDADE E INVESTIMENTOS EN INFRAESTRUTURAS.**

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que textualmente di o seguinte:

"Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular, sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

"Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial Popular para reclamar ao Goberno de España un novo Plan director do corredor atlántico para evitar o illamento da provincia de Lugo, garantindo a conexión coa alta velocidade e investimentos en infraestruturas.

*Exposición de Motivos:*

O Corredor Atlántico é un dos nove corredores da rede única europea, estratéxica para o desenvolvemento loxístico e a conexión de nós urbanos. Esta infraestrutura multimodal de servizo de viaxeiros e mercancías é unha das dúas da península ibérica xunto ao Corredor Mediterráneo.

O pasado 29 de xaneiro, o secretario de Estado de Transportes y Movilidad Sostenible e o Comisionado do Goberno para o Corredor Atlántico de Infraestruturas presentaban en Bergondo o Plan Director para Galicia da que se desprende que a provincia de Lugo desaparece do mapa do Corredor Atlántico para o horizonte 2030.

Lugo é a única provincia do entorno que queda fóra de todo. De feito, o Goberno de España non considera as vías e liñas que comunican Lugo coas provincias do entorno rede básica nin prioritaria e, polo tanto, non contempla ningunha actuación no horizonte do 2030.

Lugo queda fóra da alta velocidade. O trazado actual da liña Ourense - Lugo non permite alcanzar os 160 km/h de media establecidos para os trens de viaxeiros, senón que esa é a velocidade máxima punta en escasos tramos da rede na provincia e o Goberno de España non contempla a execución das variantes de Os Peares-Canabal nin Rubián, imprescindibles para reducir os tempos de viaxe.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7SW7HTJ4F2ZGJ3UB5QF33TMY | Fecha y Hora | 07/03/2025 18:34:21 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SW7HTJ4F2ZGJ3UB5QF33TMY | Página | 46/52 |

O Plan Director do Corredor Atlántico inclúe a liña entre Monforte – Ferrol / A Coruña na rede global para a que non está previsto melloras ata o horizonte do 2050 e, de cara ao 2030, só contempla a supresión de pasos a nivel. O Goberno de España tampouco contempla a conexión directa con Santiago de Compostela no horizonte 2030 e tampouco prevé actuacións na liña do FEVE na Mariña, que nin sequera aparece no mapa. A esta situación hai que engadir a perda de servizos e conexións nos trens de viaxeiros e que as terminais de mercancías de Monforte e Lugo non forman parte rede básica TEN-T, senón que para o Goberno de España son complementarias.

En materia de comunicacións por estrada, o Plan Director do Corredor Atlántico para Galicia non contempla investimentos para a A-56 que permitiría conectar Lugo con Ourense por autovía (un traxecto que os usuarios teñen que facer por unha estrada, a LU-540, en pésimo estado), a A-74 para a que recentemente saía a exposición pública o primeiro tramo por segunda vez en sete anos, pero para a que tampouco se contemplan prazos de execución nin fondos para a A-76 Ponferrada-Monforte-Ourense nin sequera foron referidas na presentación do Plan Director.

Ante a falta de impulso das novas autovías e a inexistencia dun programa de mantemento das estradas xa existentes é necesario que de inmediato se dea un trato xusto no que respecta ás vías de comunicación que transcorren pola nosa provincia. O seu abandono (nalgúns casos son reiteradas as queixas tanto de usuarios coma dos representantes do Partido Popular) xunto á falta de avances no resto de infraestruturas viarias e ferroviarias supón o illamento e desconexión da provincia de Lugo e supón un prexuízo para o desenvolvemento do territorio e a competitividade das empresas.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:

O Pleno da Deputación de Lugo insta ao Goberno de España a presentar un novo Plan Director do Corredor Atlántico que evite o illamento da provincia de Lugo en materia de infraestruturas e que inclúa compromisos concretos, cifras detalladas e prazos definidos para a execución de obras de mellora das infraestruturas viarias e ferroviarias de titularidade estatal incluíndo ademais a conexión real por Alta velocidade de cara a garantir as comunicacións, a competitividade e o desenvolvemento dos concellos da provincia de Lugo en igualdade de condicións a outros territorios".

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención do Sr. Presidente D. José Tomé Roca, e dos/as señores/as deputados/as D. Pablo Rivera Capón, D. Francisco Cajoto Caserío, e Dª. Mª. del Carmen López Moreno,




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7SW7HTJ4F2ZGJ3UB5QF33TMY | Fecha y Hora | 07/03/2025 18:34:21 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SW7HTJ4F2ZGJ3UB5QF33TMY | Página | 47/52 |

representantes do Grupo Provincial Socialista, e da señora Deputada dona Iria Castro Fernández, representante do Grupo Provincial do BNG, acorda ditaminar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 15 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Popular e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 10 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250225&punto=13

## PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

**13.- DACIÓN DE CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO, RELATIVO Á MODIFICACIÓN/SUBSTITUCIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN DEPUTACIÓN 2024, POLO CONCELLO DE BECERREÁ.**

Aos efectos do previsto nas bases do Plan Deputación 2024, en relación coa modificación/substitución de investimentos, no que se sinala na base 14 *“.. Se por circunstancia sobrevida e/ou motivos xustificados, o Concello non puidera contratar e executar o investimento incluído no Plan único, motivadamente, poderá solicitar a modificación do proxecto do investimento ou substitución do investimento inicialmente incluído no Plan por outro, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), séndolle igualmente aplicable o prazo de xustificación fixado nestas bases. Dita modificación/substitución será solicitada polo Concello achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase á aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria....”* dase conta ao Pleno do acordo adoptado pola Xunta de Goberno de data 31/01/2025 en relación co escrito presentado pola Alcaldía do Concello de Becerreá, solicitando a substitución/modificación dun investimento incluído inicialmente no Plan Deputación 2024, do que se adxunta certificación do amentado acordo, sen afectar á achega total que efectúa a Deputación.

O Pleno da Corporación queda enterado.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250225&punto=14




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7SW7HTJ4F2ZGJ3UB5QF33TMY | Fecha y Hora | 07/03/2025 18:34:21 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SW7HTJ4F2ZGJ3UB5QF33TMY | Página | 48/52 |

**14.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.**

Dáse conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día tres ao trinta e un de xaneiro de dous mil vinte e cinco, que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 0001 ao 0359. O Pleno da Corporación queda enterado.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250225&punto=15

**15.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

Non se presentan.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250225&punto=16

**16.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

O Presidente manifesta que foron presentados dous Rogos e dúas Preguntas por parte do Grupo Provincial Popular, que se tratarán a continuación:

**R O G O S**

**Primeiro.-** Presentado polo Grupo Provincial Popular, relativo a mellora firme LU-P-6405, do seguinte teor:

"Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, traslada para o vindeiro Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:

O goberno provincial comprometérase en anteriores mandatos a aglomerar os accesos ás praias da Mariña, pero un treito de 1,3 km da vía provincial LU-P-6405 que dá acceso á praia de Xilloi (dende o lugar de Vilasuso á LU-862) quedou sen executar e a día de hoxe non dispón de firme en aglomerado.

Os propios veciños e veciñas recolleron firmas para demandar esta obra ao goberno da Deputación de Lugo e o Pleno do Concello acordaba o 25 de novembro de 2020 por unanimidade dirixirse á Deputación de Lugo para acometer esta actuación o antes posible.

Daquela o portavoz municipal do PSOE aseguraba que se estaba a redactar o proxecto para pasar á contratación e á execución das obras, pero pasaron máis de catro anos e non se fixo nada neste treito.



| | IV7SW7HTJ4F2ZGJ3UB5QF33TMY | Fecha y Hora | 07/03/2025 18:34:21 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SW7HTJ4F2ZGJ3UB5QF33TMY | Página | 49/52 |

Recentemente o presidente explicaba que a Deputación de Lugo aprobara a licitación de traballos nesta mesma estrada, pero trátase doutro tramo que se corresponde co inicio da vía. O propio alcalde do Vicedo se manifestou a favor desta mellora, pero aclara que existe demanda no treito final da vía.

É dicir, a actuación anunciada polo goberno provincial non atende á demanda realizada pola totalidade dos grupos municipais e os propios veciños e veciñas a través da recollida de firmas.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno provincial que:

Execute obras de mellora do firme da LU-P-6405 en aglomerado no treito de 1,3 km que dá acceso á praia de Xilloi dende o lado de Viveiro que quedara pendente de mellora no seu momento e, polo tanto, cumpra co acordado polo Pleno do Concello do Vicedo o 25 de novembro de 2020".

**Segundo.-** Presentado polo Grupo Provincial Popular, relativo a apertura vestiarios Anexo Pazo Deportes, e que textualmente di o seguinte:

"Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, traslada para o vindeiro Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:

A Área de Deportes do goberno provincial construía finalmente vestiarios para dar servizo ao Anexo ao Pazo Provincial de Deportes, despois de moitos anos nos que o Partido Popular reivindicaba este servizo demandado polos usuarios e as súas familias.

Pero a Deputación de Lugo mantén pechadas estas instalacións de luns a venres polo que ningún dos nenos e nenas que adestran a diario no Anexo poden facer uso destes vestiarios.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno provincial que:

A Deputación de Lugo abra ao público os vestiarios para que poidan ser empregados todos os días do ano en horario con actividade deportiva no Anexo ao Pazo Provincial dos Deportes, ben sexa para adestramentos de clubs, actividades ou competicións deportivas".




| | IV7SW7HTJ4F2ZGJ3UB5QF33TMY | Fecha y Hora | 07/03/2025 18:34:21 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SW7HTJ4F2ZGJ3UB5QF33TMY | Página | 50/52 |

## P R E G U N T A S

**Primeira.-** Presentada polo Grupo Provincial Popular, relativa a rede saneamento na LU-P-3906, do seguinte teor:

"Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte pregunta

O Concello de Outeiro de Rei vén de recibir unha comunicación de data 18/02/2025 da Unidade de Coordinación e Xestión Territorial da Deputación de Lugo, asinada polo seu responsable, a través da que se lle traslada que na vía provincial LU-P-3906 "Bonxe–Vilar–Paz", existe unha rede de saneamento do Concello que discorre pola marxe dereita da mesma e que se atopa deteriorada en dúas zonas:

- á altura do pk 0+580, marxe dereita
- á altura do pk 0+630, marxe dereita

Neste escrito requírenlle ao Concello, por entender que ten a competencia nesta materia, que no prazo máximo dunha semana inicie os trámites precisos para levar a cabo as reparacións necesarias para evitar riscos en dita estrada de titularidade provincial.

E indícanlle que, de non atender o citado requirimento, calquera incidencia relacionada coa seguridade viaria nos dous puntos sinalados a responsabilidade será exclusivamente do Concello.

Á vista do anteriormente exposto, este grupo formula a seguinte pregunta:

Ten coñecemento o Sr. Presidente de dita comunicación remitida, dende a Unidade de Coordinación e Xestión Territorial da Deputación de Lugo, ao Concello de Outeiro de Rei e do seu contido?".

**Segunda.-** Presentada polo Grupo Provincial Popular, relativa a colaboración coa 15ª edición da Feira de Artesanía do Ferro de Riotorto, do seguinte teor:

"Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte pregunta

O equipo de goberno provincial afirmou en abril de 2024 a través de publicacións tanto na web institucional como nas RRSS que a Deputación colaborou coa 15ª edición da Feira da Artesanía do Ferro de Riotorto, a través dunha achega de 4.000 €.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7SW7HTJ4F2ZGJ3UB5QF33TMY | Fecha y Hora | 07/03/2025 18:34:21 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SW7HTJ4F2ZGJ3UB5QF33TMY | Página | 51/52 |

Á vista do anteriormente exposto, este grupo formula a seguinte pregunta:

Quen ou quenes foron os beneficiarios da dita axuda?".

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250225&punto=17

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas e trinta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

**O PRESIDENTE,**

**O SECRETARIO,**




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7SW7HTJ4F2ZGJ3UB5QF33TMY | **Fecha y Hora** | 07/03/2025 18:34:21 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| **Firmado por** | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| **Firmado por** | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SW7HTJ4F2ZGJ3UB5QF33TMY | **Página** | 52/52 |